

ORDE CONVOCATORIA CONCURSOS OPOSICIÓN.

Solicitamos que tódolos prazos sexan iguais para primaria que para secundaria, polo tanto na convocatoria de mestres o prazo para presentar a unidade didáctica do persoal que opte polo informe sexa de 30 días. Que os días naturais pasen a ser días hábiles.

En primaria demandamos a oferta de francés xa que prazos de este perfil están sen cubrir por prazos de especialistas.

Nos outros corpos reclamamos o incremento en francés, xeografía e Historia, instalacións electrotécnicas e fundamentos de composición. Tamén demandamos un incremento xeneralizado en todos os corpos como resultado das xubilacións LOE.

En canto os tribunais CCOO manifestou o seguinte:

- Que tódolos membros do tribunal fosen especialistas.
- Que o profesorado que estivo no proceso nas 3 pasadas convocatorias poida renunciar. **(ACEPTADO)**
- Que se deberían reducir as rateos de opositor/tribunal.
- Reparto de prazos por tribunais. Esta petición é produto da falta de coordinación entre os tribunais da mesma especialidade. É necesario buscar instrumentos que impidan que a maior parte dos aprobados acaban sendo do mesmo tribunal.
- Que as decisións sobre a concesión das adaptacións e en que termos, para o persoal participante pola quenda de discapacidade, as resolva unha comisión de expertos e non o tribunal e que este persoal coñeza con suficiente antelación as adaptacións de tempos, espazos, material etc.. que se lles conceden.

En canto o acto de presentación manifestamos o seguinte:

- Que se utilice este acto para dar a coñecer os criterios de avaliación e mesmo se lle dea unha copia dos mesmos a tódolos/as opositores/as.
- Que se deixe claros os concorrentes as consecuencias de non presentala programación (exclusión do proceso) ou de presentar unha programación que non cumpra o 100% os requisitos da convocatoria. Para CCOO que proceso. A non adecuación a este tipo de requisitos debe ter o seu reflexo na avaliación e non na exclusión
- Que os tribunais deixen claro aos participantes que é o que se consideran sinais que rompen o anonimato.

CCOO demanda que o requisito para acceder ao informe sexa só ter 180 días pero que non se requira estar en activo no momento da convocatoria. **(ACEPTADO)**

Por outra banda, demandamos que os tribunais non coñezan os méritos baremados na fase de concurso ata despois de finalizar a fase de oposición e pedimos que se coñezan as notas da fase de oposición de todas e cada unha das partes da proba.

Con respecto a proba B2, CCOO demanda unificar os criterios en todos os corpos e que ese criterio sexa de 180 días.

Con respecto a proba B3, entendemos que a convocatoria deberá establecer un tempo máximo de 30 minutos en lugar de deixar isto a elección do tribunal.

Con respecto á data de posesión do corpo de mestres solicitamos que se cambie o 8 de setembro polo 1 de setembro. **(NO ACEPTADO)**

CCOO esixe que unha parte da proba sexa feita en galego.

Nos corpos de Secundaria redactar as condicións de exención de máster adaptándoas á normativa vixente é incuestionable. Tal e como está redactado non temos garantías xurídicas nesta convocatoria.

Pedimos convocatoria diferenciada de secundaria para o colectivo de promoción de A2 a A1 coa constitución de tribunais específicos para estes casos.

ROGOS E PREGUNTAS

- CCOO demanda, unha vez máis, un calendario de negociacións e denunciámos a improvisación e presentación de negociación a impulsos por parte desta Administración. Este calendario debe contemplar os temas xa reclamados en anteriores mesas sectoriais: diminución de rateos, redución de xornada lectiva para maiores de 55 anos, homologación retributiva, regulamentos orgánicos de centros, etc.
- CCOO denuncia a irresponsabilidade da Consellería de Educación por trasladar a responsabilidade da decisión da suspensión de clases por causas meteorolóxicas aos equipos directivos.
- Demandamos o mantemento do programa de axudas para que os centros poidan realizar os intercambios educativos que xa teñen organizados e planificados dende inicio de curso.

A CORUÑA C. P. 15008
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º andar
Telf. 981 145 895 / Fax 981 145 899
scensino.coru@galicia.ccoo.es

SANTIAGO C. P. 15703
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1.º andar
Telf. 981 551 836 / Fax 981 551 821
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

FERROL C. P. 15402
Rúa María 42-44
Telf. 981 369 336 / Fax 981 350 353
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

LUGO C. P. 27002
Rolda da Muralla 58, 5.º andar
Telf. 982 221 060 / Fax 982 245 907
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

VIVEIRO C. P. 27850
Rúa García Doriga s/n
Telf. 982 561 001 / Fax 982 561 025
ucamari@galicia.ccoo.es

OURENSE C. P. 32003
Parque San Lázaro 12, 3.º andar
Telf. 988 392 256 / Fax 988 251 400
scensino.oure@galicia.ccoo.es

O BARCO C. P. 32300
Praza de España, 2 baixo esq.
Telf. 988 322 034 / Fax 988 325 159
ensino.valde@galicia.ccoo.es

PONTEVEDRA C. P. 36002
Rúa Pasantería 1, 2.º andar
Telf. 986 866 276 / Fax 986 869 784
scensino.pont@galicia.ccoo.es

VIGO C. P. 36212
Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
Telf. 986 246 847 / Fax 986 246 848
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

VERÍN C. P. 32600
Avda. Portugal 3-5
Telf. 988 410 641 / Fax 988 410 641
lsverin@galicia.ccoo.es

